

guía de intervención pedagógica

A flor máis grande do mundo



proxecto Fiestra

Financiado pola Deputación de Ourense.

Material educativo elaborado pola Academia Galega do Audiovisual en colaboración co Grupo de Investigación Terceira Xeración da USC para a súa difusión en centros de ensino de Galicia.

Deseño e maquetación: ekinocio
Ano: 2020

www.fiestra.gal

índice

- 1.** Materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra *A flor máis grande do mundo*: **P5**
 - Educación Primaria
 - Educación Secundaria Obrigatoria
 - 1º de Bacharelato
 - 2º de Bacharelato

- 2.** Temas e valores na obra *A flor máis grande do mundo* **P7**

- 3.** Sobre a obra *A flor máis grande do mundo* **P8**

- 4.** Ficha técnica e palmarés *A flor máis grande do mundo* **P9**

- 5.** Actividades: **P10**
 - 5.1. Preguntas e respostas para docentes
 - 5.1.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
 - 5.1.2. Actividades de debate e reflexión por secuencias

 - 5.2. Preguntas para alumnas e alumnos **P13**
 - 5.2.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
 - 5.2.2. Actividades de debate e reflexión por secuencias

recomendacións para antes e despois de ver a obra: www.fiestra.gal

Baseada nun conto de José Saramago

Música de Emilio Aragón

Ilustracións de Diego Mallo

A FLOR MAÍS GRANDE DO MUNDO

Unha curtametraxe dirixida por Juan Pablo Etcheverry

Coa voz de José Saramago como narrador

Guión JUAN PABLO ETCHEVERRY, baseado no conto "A MAIOR FLOR DO MUNDO" de JOSÉ SARAMAGO
Produtor PANCHO CASAL - Productora executiva CHELO LOUREIRO Productora asociada LAURA FDEZ. ESPESO
Directora de produción ANA FERNÁNDEZ Directores artísticos JUAN PABLO ETCHEVERRY e DIEGO MALLO
Música interpretada pola ORQUESTRA SINFÓNICA DE TENERIFE Sonido ESTUDIO CONTROL Z, SOUND GARDEN e TRITÓ

Unha produción de:
continental
animación

Co apoio de:

AUTN DE GALICIA
Xunta Galega de Cultura

TELEVISIÓN DE GALICIA

G

unicef

OST

AUTN DE GALICIA
Xunta Galega de Cultura

caixa galicia

caixa galicia

materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra *A flor máis grande do mundo*

1.

Apta para todas as idades.
Recomendada para todas as idades.

Nota para todos os ciclos e cursos:

Esta obra é susceptible de ser abordada en calquera das materias escolares xa que, tal e como recolle a LOMCE, «nas diferentes materias que integran o currículo educativo de todos os cursos trabállase de forma transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional».

EDUCACIÓN PRIMARIA

Ciencias da Natureza	■ Educación Artística
Valores Sociais e Cívicos	■ Lingua Castelá e Literatura

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

PRIMEIRO CICLO [1º, 2º e 3º Curso]	SEGUNDO CICLO [4º Curso]
<ul style="list-style-type: none"> ■ Lingua Castelá e Literatura ■ Bioloxía e Xeoloxía ■ Valores Éticos ■ Educación Plástica, Visual e Audiovisual ■ Paisaxe e Sustentabilidade [LCA 1º e 2º] 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Lingua Castelá e Literatura ■ Bioloxía e Xeoloxía ■ Valores Éticos ■ Filosofía ■ Educación Plástica, Visual e Audiovisual ■ Filosofía

1º DE BACHARELATO

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Lingua Castela e Literatura <input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura <input type="checkbox"/> Fundamentos da Arte <input type="checkbox"/> Cultura Audiovisual

2º DE BACHARELATO

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura <input type="checkbox"/> Bioloxía 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura <input type="checkbox"/> Historia da Arte 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura <input type="checkbox"/> Fundamentos da Arte <input type="checkbox"/> Cultura Audiovisual
<p>MATERIAS ESPECÍFICAS</p> <p>Imaxe e Son</p> <p>Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica</p> <p>Ciencias da Terra e do Medio Ambiente</p>		

temas e valores na obra *A flor máis grande do mundo* **2.**

TEMAS

Infancia
Individualismo
Existencialismo
Descubrimiento
Valentía
Altruísmo
O lugar dos seres humanos no mundo
Natureza
Deforestación
Urbanización
Ecoloxía
Sostibilidade ambiental
Destrucción dos ecosistemas e da biodiversidade
Transformación das contornas naturais en contornas urbanas

VALORES

Intelectuais:
Atención
Curiosidade
Observación
Reflexión

Afectivos
Interese
Altruísmo
Satisfacción

Volitivos
Valentía
Perseveranza
Paciencia
Recompensa
Tesón
Tenacidade
Determinación

Estéticos
Artísticos
Cinematográficos

Morais
Bondade
Xustiza

sobre a obra *A flor máis grande do mundo*

3.

A flor máis grande do mundo é un texto de rara beleza, colmado de símbolos e de enigmas, destinado a unha infancia que crece nun mundo quebrado polo individualismo, a desesperanza, a violencia e a falta de ideais. Nel hai dúas mensaxes, unha para os nenos (o descubrimento, a valentía, o altruísmo) e outra para todos os homes e mulleres que se interrogan sobre o seu lugar no mundo.

Saramago desprega a súa hábil man de narrador e conforma a alegoría de un hipotético comezo de «Outro Mundo». O neno da historia converterase en actor na tarefa de salvar unha flor que morre por falta de auga e el será o destinado a salvala. Como nun conto de fadas, é un heroe que se aloxa do seu lugar, abandona a súa casa, a súa aldea e atravesa paisaxes descoñecidos, nun principio nutridos de unha impactante natureza viva e de improviso, o deserto. Como é un heroe, nada o detén, e cando sube a ladeira da montaña empinada, verá a flor, morrendo. Non hai vacilación no personaxe nin solicita axuda, busca recursos por si mesmo para cumprir a súa misión.

A estrutura da narración organizase a partir de recursos propios da tradición popular: a chamada do heroe, o cumprimento da tarefa e o regreso triunfal co logro obtido.



ficha técnica e palmarés acadado *A flor máis grande do mundo*

4.

FICHA TÉCNICA

Dirección: Juan Pablo Etcheverry

Producción executiva: Chelo Loureiro

Guión: Juan Pablo Etcheverry, baseado no conto *A flor máis grande do mundo* de José Saramago

Compositor: Emilio Aragón

Música interpretada por: Orquesta Sinfónica de Tenerife

Ilustracións: Diego Mallo

Dirección de produción: Ana Fernández

Dirección artística: Juan Pablo Etcheverry e Diego Mallo

Estudios animación: Continental Animación

Estudio son: Estudio Control Zeta, Sound Garden e Tritó

Técnica: *Stop motion*, 2D e 3D

PALMARÉS

- Nomeada ao Premio Goya a Mellor Curta Animación 2008.
- Mellor Curta de Animación. Premios Mestre Mateo 2008.
- Seleccionada a competición en numerosos festivais internacionais.

actividades

5.

preguntas e respostas para docentes

5.1

5.1.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

Introdución para o alumnado: a curtametraxe que acabamos de ver pertence ao xénero de animación.

1. En que consiste o xénero de animación?

> Momento de reflexión e acción en común.
> Resposta: o cine de animación é unha categoría de cine, arte visual ou audiovisual que se caracteriza por non recorrer á técnica da rodaxe de imaxes reais, senón as técnicas de animación. As técnicas tradicionais de animación foron durante moito tempo o debuxo animado ou a animación en volume (a través de marionetas). Na actualidade o máis frecuente para crear pezas animadas é recorrer ás posibilidades que aportan os ordenadores.

«O cine de animación non recorre a técnica de rodaxe de imaxes reais, senón as técnicas de animación»

A curtametraxe que acabamos de ver está creada a partir dunha técnica que recibe o nome de *stop motion*, animación fotograma a fotograma ou animación en volume.

2. Sabedes que é un fotograma?

> Momento de reflexión e acción en común.
> Resposta: coñécese como fotograma a cada unha das imaxes que se suceden nunha película cinematográfica e que están consideradas de maneira illada.

3. Agora que xa sabedes que é un fotograma, saberíades dicir en que consiste a técnica que recibe o nome de *stop motion*, animación fotograma a fotograma ou animación en volume?

> Momento de reflexión e acción en común.
> Resposta: o *stop motion*, animación en volume ou animación fotograma a fotograma é unha técnica de animación que consiste en aparentar o movemento de obxectos estáticos por medio dunha serie de imaxes fixas sucesivas.

4. De que materiais están feitos os personaxes e os decorados nesta curtametraxe?

> Momento de reflexión e acción en común.
> Resposta: os personaxes e os decorados desta

curtametraxe están feitos con plastilina. Esta técnica de creación chámase plastimación ou *claymation*. A plastimación é unha técnica de animación audiovisual de parada de imaxe na que se emprega plastilina, arxila ou algún outro material completamente maleable

5.1.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias

No minuto 3:00 podemos observar as seguintes imaxes na pantalla:



1. Que elementos se poden observar nas imaxes?

2. Para que se están a usar esas ferramentas?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: estas ferramentas estanse usando para deforestar o bosque e para construír urbanizacións.

3. Que é a deforestación?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: a deforestación é un proceso levado a cabo pola acción dos humanos, no que se destrúe e esgota a superficie forestal co obxectivo de destinar o solo a outra actividade como é a construción de vivendas ou a instalación de explotacións agrarias ou gandeiras.

A partir do minuto 3:30 podemos observar a seguinte secuencia en pantalla:



As seguintes preguntas non teñen unha única resposta correcta. Fomentar que as alumnas e os alumnos participen coa súa opinión.

A conservación da natureza é imprescindible para que poidamos seguir habitando o planeta.

4. Que vos transmite esta secuencia?

5. Que efectos ten a acción do ser humano sobre o planeta?

6. Que podemos facer para evitar o deterioro do planeta e para conservar a biodiversidade?

preguntas para alumnas e alumnos

5.2

5.2.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

A curtametraxe que acabamos de ver pertence ao xénero de animación,

1. En que consiste o xénero de animación?

A curtametraxe que acabamos de ver está creada a partir dunha técnica que recibe o nome de *stop motion*, animación fotograma a fotograma ou animación en volume.

2. Sabedes que é un fotograma?

Agora xa sabedes o que é un fotograma,

3. Saberiades dicir en que consiste a técnica que recibe o nome de *stop motion*, animación fotograma a fotograma ou animación en volume?

4. De que materiais están feitos os personaxes e os decorados nesta curtametraxe?

5.2.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias

No minuto 3:00 podemos observar as seguintes escenas en pantalla:



1. Que elementos se poden observar nas imaxes?

2. Para que se están a usar esas ferramentas?

3. Que é a deforestación?

A partir do minuto 3:30 podemos observar a seguinte secuencia en pantalla:



A conservación da natureza é imprescindible para que poidamos seguir habitando o planeta.

4. Que vos transmite esta secuencia?

5. Que efectos ten a acción do ser humano sobre o planeta?

6. Que podemos facer para evitar o deterioro do planeta e para conservar a biodiversidade?



DEPUTACIÓN
OURENSE